

EVITAR ESTES ERROS NOS SEGUINTE VERBOS IRREGULARES:

CABER:

P1 do Prest. Indic.: Caibo

Prest. Subxuntivo (todo) Caiba

Tema de Perfecto: Couben/coubera/coubese/couber

Caber en galego é sinónimo de coller.

DAR:

P2 e P3 do prest. Indic. Dás, Dá (diacríticos)

Pret. Perfecto: Dei, deches, deu (Non: din, diches, diu/dou) (dialect)

Prest. Subxunt. Dea, deas, dea, deamos, etc. **Nunca:** dé, dés, dé (castelanismos)

DICIR:

Nunca Decir.

ESTAR:

Prest. Subxunt: estea, esteas, estea (**nunca:** esté, estés)

FACER:

Prest. Indic. Fago, fas, fai

Tema de Perfecto: fixen, fixera, fixese, fixer

HABER:

OLLO: Non hai tempos compostos co verbo haber.

Prest. Indic: hei, has, ha/hai, habemos, habedes, han.

P3 do Prest. Indic. El hai/El ha

Non ten imperativo.

Tema Perfecto: houben, houbera, houbese, houber.

Prest. Subx: haxa, haxas, haxa, haxamos, haxades, haxan.

IR:

P4 e P5 Prest. Indic: imos, ides (Nunca: vamos, vades)

Imperativo: P1 vai ti/ P2 ide vós

No tema de perfecto: coincide co verbo ser: fun, fora, fose, for.

Futuro de Subxunt: for, fores, for, formos, fordes, foren.

Imperfecto (Copretérito) de Indic: ía, ías, ía (nunca: iba, ibas, iba)

LER:

Nunca LEER Debe evitarse pois leín, leerei, (castelanismo).

RIR:

Nunca REIR Debe evitar pois reir, reín, reirei, etc. (castelanismos)

PODER:

Tema de Perfecto: puiden, puidera, puidese, puiden

Prest. Subxunt. Poida, poidas, etc.

POÑER/PÓR (dobre conxugación)

Conxúgase como o seu sinónimo: PÓR, aínda que nalgúns tempos presentan formas diferentes.

A dobre conxugación afecta tamén aos seus compostos e derivados: Compoñer/compor;

dispoñer/dispor; supoñer/supor; etc. Pero os derivados de pór non levan til diacrítico.

PÓR mantén o til diacrítico cando se lle engaden pronomes átonos.

QUERER:

Futuro de Indict. é regular: quereirei, quereirás (NON querreirei, querreirás)

SABER:

Tema de perfecto: souben, soubera, soubese, souber (Non soupen)

Prest. Subxunt: saiba (non sepa, sepa)

Prest. Indic: sei, sabes, etc

Futuro Indic. É regular: saberei, saberás, (Non saberei, sabrás)

SER:

P2 e P3 do Prest. Indic.: ti es (non eres), el é (non es, nin e sen til)

Coincide co verbo IR no Tema de Perfecto: fun, fora, fose, for.

TER:

Tema de Perfecto: tiven, tivera, tivese, tiver (formas en i, e non en u: tuven, tuvera, tuvese, tuver, non son correctas).

TRAER:

Tema de Perfecto: trouxen, trouxera, trouxese, trouxer.

Prest. Subxunt: traia, traías, traía, traímos, traíades, traían.

P4 e P5 do pretérito imperf. de Indicativo levan diérese: Traíamos, traíades.

Os derivados e compostos de traer son regulares: contraer, distraer, substraer, retraer, atraer, extraer, abstraer:

Así o Tema de Perfecto é regular: contraín, distraera, retraese, atraer (NON: controuxen, distrouxera, retrouxese, atrouxe)

VALER:

P3 do Prest. Indic: el vale (ou tamén el val)

P1 do Prest. Indic: eu vallo, ti vales, etc. NON: eu valgo (castelanismo)

Prest. Subxunt.: eu valla (NON: eu valga), ti vallas, (NON: ti valgas) el valla (NON: el valga), nós vallamos (NON: nós valgamos), vós vallades, eles vallan.

Tamén se conxugan así: desvaler e equivaler.

VER e VIR:

P3 do Pret. Perfecto de Indic.: viu (verbo ver); veu (verbo vir), en contra da norma xeral que fai que os verbos en –er teñan o fagan en –eu, e os verbos en –ir fágano en –iu.

PRACER:

Prest. Indic.: Eu prazo (non prazco), ti praces, etc.

Prest. Subxunt.: Eu praza (non prazcas), ti prazas, etc.

Tema de Perfecto: prouguen, prouguera, prouguese, prouguer.

Participio: pracido.

OLLO: o seu derivado compracer é regular. Así no tema de Perfecto sería: eu compracín; eu compracera; eu compracese; eu compracer.